

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA) PARA A CONSTRUCCIÓN DUN ALMACÉN NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL

En Santiago de Compostela, a 20 de marzo de 2017

REUNIDOS

O Sra. Dona. Marta Míguez Telle, Secretaria Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, en exercicio das competencias desconcentradas nos secretarios xerais dependentes da Presidencia, en virtude da Disposición Adicional Segunda do Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

O Sr. D. _____, Alcalde do Excmo. Concello de Ordes, actuando de conformidade co disposto nos artigos 21.1. b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61.1. a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Actuando ambos coas facultades que os seus respectivos cargos e habilitacións lles confiren,

EXPOÑEN

I.- A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.22, sinala a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción do deporte.

O Decreto 88/2013, do 30 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, atribúe á Secretaría Xeral para o Deporte as competencias da comunidade autónoma en materia de deportes.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dispón que os concellos exercerán, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, nas seguintes materias: promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre (artigo 25.2.I).

No marco da lexislación básica do Estado, a Lei 5/1997 establece que os concellos exercerán, entre outras, competencias en materia de actividades e instalacións culturais e deportivas (artigo 80.2.n), e poderán celebrar coa Xunta de Galicia convenios de cooperación para unha xestión máis eficaz das súas competencias (artigo 198).

A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, contempla no seu artigo 8 a posibilidade de colaboración da Administración deportiva autonómica coas administracións locais.

II. As administracións públicas asinantes deste convenio son conscientes de que o incremento e mellora das condicións que esixe a práctica deportiva reclama unha mellor dotación de infraestruturas, de forma que permitan dar satisfacción á crecente demanda social existente na materia.

A Secretaría Xeral para o Deporte, no exercicio das súas competencias e funcións, ten previsto na súa planificación de mellora das infraestruturas e dos equipamentos deportivos da Comunidade Autónoma de Galicia, actuacións que permitan a construción ou mellora de instalacións deportivas

básicas ou daquelas que presenten un maior interese deportivo. Neste sentido é de interese da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, a colaboración coas administracións locais para o fomento do deporte no ámbito municipal.

A necesidade de levar a cabo esta actuación, ven determinada pola importancia deste concello para a promoción do deporte en toda a comarca que comprende, sendo unha actuación imprescindible para continuar co uso da instalación xa que na actualidade se atopa en estado deficiente. Desta circunstancia derívanse as razóns que acreditan o interese público da actuación, e xustifican a dificultade da súa convocatoria pública, de acordo con disposto no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, atendendo tamén ao establecido no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Por todo o anterior, a Xunta de Galicia, por medio da Secretaría Xeral para o Deporte, e o Concello de Ordes deciden subscribir este convenio que se suxeitará ás seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira: OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e o Concello de Ordes para a construción dun almacén no campo de fútbol municipal segundo o recollido na memoria valorada “Construción dun almacén no campo de fútbol de Ordes” redactada polo Enxeñeiro de Camiños,

Segunda: COFINANCIAMENTO DAS ACTUACIÓNS

O importe total das actuacións a realizar ao abeiro deste convenio ascende á cantidade de SESENTA MIL CATROCIENTOS SESENTA E CATRO EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS DE EURO (60.464,46 €) IVE incluído.

A Secretaría Xeral para o Deporte subvencionará ditas actuacións achegando ao Concello de Ordes a cantidade de CINCUENTA MIL EUROS (50.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 04.40.441A.760.0 (código de proxecto 2013 000 39) do seu orzamento de gastos para o exercicio 2017 co fin de posibilitar a contratación da obra á que se refire o presente convenio, de acordo coa seguinte cantidade:

Anualidade 2017:50.000,00€

Pola súa banda o Concello de Ordes achegará con cargo aos seus créditos orzamentarios a cantidade de DEZ MIL CATROCIENTOS SESENTA E CATRO EUROS CON COARENTA E SEIS CÉNTIMOS DE EURO, (10.464,46€) que se imputarán con cargo á partida municipal 342 622 00 do seu orzamento de gastos para o exercicio 2017:

Anualidade 2017..... 10.464,46€

Terceira: OBRIGAS DO CONCELLO DE ORDES

1.- As obras serán realizadas polo contratista que fora seleccionado polo Concello de Ordes dando conta á Secretaría Xeral para o Deporte da elección, así como de calquera modificación do proxecto, prórrogas de prazos establecidos na adxudicación ou alteracións de calquera outros elementos básicos que configuren as actuacións.

En tódolos casos de contratación con terceiros, o Concello actuará con suxeición, tanto na tramitación do procedemento de contratación, como na execución do contrato administrativo, ao establecido no Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, atendendo tamén ao preceptuado no artigo 12 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

2.- Son obrigas do beneficiario as sinaladas nos artigos 14 e 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 11 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e sinaladamente as seguintes:

a) O Concello quedará obrigado a asumir ao seu cargo os aumentos que se produzan, no caso de que o custo das obras ou equipamentos resulte superior á valoración prevista no orzamento, ou ben se deriven de revisión dos prezos adicionais, prórrogas e outros supostos.

b) Redactar e remitir o proxecto ou documento técnico e as súas especificacións, que deberán contar coa autorización e aprobación da Secretaría Xeral para o Deporte antes da firma do presente convenio.

c) As licenzas, autorizacións administrativas, contratación de servizos e subministracións, así como os impostos e taxas de aplicación aos pagos dos conceptos incluídos e previstos na execución do proxecto, serán por conta do Concello.

d) O Concello, quedará obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

e) Deberá destinar os bens adquiridos ou sobre os que se realicen as obras ao fin concreto para o que se lle concedeu a subvención, por período non inferior a cinco anos, ao tratarse de bens inscribibles nun rexistro público.

O incumprimento da obriga de destino referida no parágrafo anterior será causa de reintegro nos termos establecidos ao efecto no artigo 37 da Lei 38/2007, do 7 de novembro, xeral de Subvencións, e no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, quedando o ben afecto ao pago do reintegro calquera que sexa o seu posuidor, salvo que resulte ser un terceiro protexido nos termos legalmente previstos.

f) No caso de que o beneficiario incumprise o establecido neste convenio, a Secretaría Xeral para o Deporte, poderá revogar a subvención concedida logo da audiencia do interesado.

3.- Será responsabilidade do concello a elaboración da documentación necesaria para dar cumprimento á normativa de seguridade e saúde, especialmente ao establecido na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (BOE núm. 269 do 10.11.1995) e no Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción (BOE núm. 256 do 25.10.1997). Prestarase especial atención no

caso de que a actuación comprenda algún dos traballos que implican riscos especiais para a seguridade e a saúde dos traballadores, recollidos no anexo II do RD 1627/1997.

Así mesmo, é responsabilidade do concello a designación do coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra, no caso de que sexa necesario de acordo co establecido no artigo 3.2 do RD 1627/1997.

Cuarta: BAIXAS DE ADXUDICACIÓN E INCIDENCIAS NA EXECUCIÓN

As achegas económicas comprometidas, veranse diminuídas en igual proporción que a que resulte de imputar as baixas que se obteñan nas respectivas adxudicacións. As baixas aplicaranse dende o primeiro momento, axustando a cantidade resultante a subvencionar.

Quinta: XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DAS AXUDAS

De acordo co artigo 28.5 da Lei 9/2007 e co artigo 8 do Decreto 193/2011, o Concello de Ordes estará obrigado a xustificar o cumprimento da finalidade da subvención á realización da actividade e o seu custo real mediante a presentación cunha conta xustificativa integrada con carácter xeral pola documentación que se relaciona no artigo 10 do Decreto 193/2011 e que incorporará en todo caso a certificación da intervención ou do órgano de teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

En todo caso, na xustificación deberá acreditarse o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios, así como doutras subvencións ou recursos á actuación subvencionada.

O prazo para presentar esta xustificación será antes do 15 de novembro do ano 2017. Os pagos efectuaranse unha vez examinada e conformada a xustificación presentada polo concello.

Sexta: CONCORRENCIA CON OUTRAS AXUDAS

As axudas contempladas neste convenio son compatibles con outras que poida acadar o concello, sempre que a suma de toda elas non supere o investimento total real.

Antes do primeiro pagamento, o concello alcanzará unha declaración do conxunto de tódalas solicitudes de subvención efectuadas, ou concedidas, para as obras obxecto deste convenio, diante das administracións públicas competentes ou doutros entes públicos.

No momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, o Concello presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como das pendentes da resolución, para este proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Sétima: PUBLICIDADE DAS OBRAS

No exterior da instalación ou do recinto, o Concello fixará un cartel informativo da natureza das obras obxecto de execución, coa indicación expresa das administracións públicas que colaboran no seu financiamento.

O tratamento tipográfico identificativo de ambas entidades e dos seus logotipos ou anagramas será idéntico.

Oitava: REXISTROS PÚBLICOS DE AXUDAS

De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas da Xunta de Galicia, o concello consinte expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos á subvención obxecto deste convenio nos rexistros públicos citados, creados polos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Novena: COMPROBACIÓN E RECEPCIÓN DAS OBRAS

A Secretaría Xeral para o Deporte, poderá efectuar cantas comprobacións estime oportunas, con carácter previo á realización da proposta de calquera dos pagamentos parciais ou do final, incluíndo a comprobación da execución material do investimento que poderá realizar a través dun funcionario da Secretaría Xeral para o Deporte ou da persoa que designe.

A recepción das obras farase polo Concello, quen dará conta dela á Secretaría Xeral para o Deporte.

Décima: XESTIÓN, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS

A xestión, mantemento e conservación da instalación deportiva, que terá como destino un uso ou servizo público de carácter deportivo, será responsabilidade exclusiva do concello, e serán de conta deste a totalidade dos gastos que xere. A asunción de tal responsabilidade producirase desde o día seguinte ao de realización da acta de recepción das obras, logo da oportuna comunicación da Secretaría Xeral para o Deporte.

Esta circunstancia non obviará a responsabilidade que á sociedade adxudicataria lle corresponda na policía e conservación das obras ata a recepción definitiva pola administración contratante. O concello garante o uso gratuíto da instalación cando se precise para posibilitar a celebración de competicións deportivas oficiais organizadas ou promovidas pola Secretaría Xeral para o Deporte.

Así mesmo, o concello comprométese a favorecer e facilitar a celebración de competicións deportivas de carácter oficial promovidas polas distintas federacións deportivas de Galicia. No caso de conflito ou discrepancia, a administración contratante da instalación, por solicitude dalgunha das partes, poderá actuar como árbitro.

No suposto de que a xestión sexa encomendada a terceiros as obrigas anteriores deberán constar como carga no correspondente prego de bases.

Undécima: VIXENCIA E DENUNCIA DO CONVENIO

O período de vixencia do convenio comezará ao día seguinte da súa sinatura e estenderase ata o 31 de decembro do ano 2017 sen prexuízo da posibilidade de prorrogar dito período en virtude de causa debidamente xustificada.

A denuncia, que requirirá o acordo previo do órgano competente da administración que a pretenda, producirá efectos aos noventa (90) días da súa presentación diante da comisión á que se refire a cláusula décimo terceira, logo da liquidación das obrigas pendentes de cumprir pola parte que a formule.

O incumprimento das cláusulas deste convenio será causa bastante para a súa denuncia.

Duodécima: COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E INTERPRETACIÓN

Para o seguimento e control do cumprimento deste convenio, e para a solución das dúbidas que a súa interpretación poida motivar, créase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das institucións asinantes.

Na comisión de seguimento e control informarase sobre os acordos de modificacións ou variacións que poidan producirse na execución do proxecto para a súa aprobación, conforme as limitacións da normativa vixente que sexa de aplicación. Cando estas impliquen modificación do orzamento, a Administración da Xunta de Galicia non asumirá compromisos económicos que impliquen incrementar a contía das anualidades establecidas na cláusula segunda.

En calquera caso, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida, serán resoltas polo secretario xeral para o Deporte.

Décimo terceira: LEXISLACIÓN DE APLICACIÓN, NATUREZA DO CONVENIO E XURISDICIÓN COMPETENTE

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido no mesmo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, e demais normativa que sexa de aplicación.

Este convenio é de natureza administrativa e, consecuentemente, as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación, interpretación e cumprimento serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

Baixo os termos referidos e en proba de conformidade, asínase este convenio de cooperación en triplicado exemplar no lugar e data indicados.

A Secretaria Xeral para o Deporte

O Alcalde do Concello de Ordes

Marta Míguez Telle